

# PLAN DE ATENCIÓN A



**DIVERSIDADE**

**CEIP DE QUIROGA**

## ÍNDICE

- 1. XUSTIFICACIÓN LEGAL**
- 2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO**
- 3. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES**
- 4. OBXECTIVOS**
- 5. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**
- 6. CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS**
- 7. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN ÁS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO**
- 8. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS E EXTERNOS**
- 9. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS**
- 10. PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.**
- 11. ANEXOS:**
  - Anexo 1. Protocolo de absentismo.
  - Anexo 2. Plan de atención ao alumnado repetidor.
  - Anexo 3. Plan de acollida do alumnado inmigrante
  - Anexo 4. Modelo de documentos

## 1. XUSTIFICACIÓN LEGAL

No Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, establécese a necesidade de elaborar o Plan de Atención á Diversidade como un documento no que se articula a atención á diversidade e onde se concretarán todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que o centro deseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do seu alumnado, así como realizar unha concreción anual de dito plan para cada curso académico.

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

**O Plan de Atención á Diversidade ten como finalidade planificar as medidas educativas que faciliten unha resposta ás necesidades que presenta o alumnado escolarizado neste centro e, en especial, aquel con necesidades específicas de apoio educativo. Dita resposta adaptarase á realidade e singularidade do centro a cal varía ao longo do tempo, polo cal é necesario adaptar esa atención a diversidade as características temporais e evolutivas do contexto e do alumnado.**

Polo tanto, a concreción anual do Plan de Atención á Diversidade é unha ferramenta encamiñada a dar **resposta ao conxunto global do alumnado** ao longo dun curso académico e en función das súas características nese período temporal, nel detállanse as medidas de atención a diversidade que inicialmente se van a poñer en marcha no centro para un curso académico en función dunha análise previa de necesidades.

**Esta resposta educativa é responsabilidade de todo o profesorado e demais sectores da comunidade educativa.**

## **2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO**

### **a. Contexto socioeconómico:**

O concello de Quiroga, aséntase sobre unha superficie de 317,4 km<sup>2</sup> e ten unha poboación de 3.257 habitantes (datos do ano 2018), repartida en 22 parroquias e 123 entidades singulares de poboación. Todas as parroquias do concello son de carácter rural a excepción das de Quiroga na que está emprazada a capitalidade municipal.

As principais actividades económicas son: a agricultura que empeza a rexurdir timidamente a través dos sectores vitivinícola e oleico, a minería (conta cunha canteira de lousa) e a pequena industria e o sector servizos que ocupan a maior porcentaxe de poboación activa do municipio. Nos últimos anos a capitalidade do municipio, de onde procede a maior parte do alumnado, está a evolucionar cara un tipo de zona semiurbana, converténdose a vila e os seus arredores, no núcleo en expansión principal da poboación, mentres a outras parroquias quedan despoboadas ou polo menos non hai xa poboación infantil.

Socioculturalmente, a zona pódese caracterizar en termos xerais como pertencente un estrato baixo a medio-baixo. A desaparición no concello das industrias extractivas de lousa, a grave crise económica sufrida a nivel mundial, e o envellecemento da poboación, supuxeron que parte da poboación se atope en condicións salariais precarias ou careza delas.

### **b. Características do centro:**

O CEIP de Quiroga ten vinte anos de antigüidade, consta dun só edificio de dúas plantas, de patio de xogos cuberto e de pista polideportiva descuberta. Ten 6 unidades de primaria e 3 de educación infantil. O número de alumnos/as oscila en torno aos 150 alumnos/as.

Este centro esta adaptado as características espaciais que establece a LOE, dispoñendo de espazos e recursos suficientes. O centro conta con 6 aulas de primaria, 3 aulas de infantil, aula de inglés, aula de informática, aula de música, aula de relixión, biblioteca, aula de PT, aula de AL, aula de orientación, tamén

## *Plan de Atención a Diversidade*

hai ximnasio, cociña, comedor, despachos (secretaría, dirección, xefatura de estudos), local para a ANPA, sala de mestres/as e conserxería.

En canto a profesorado, o centro conta co seguinte nº de mestres/as:

- 5 especialistas de primaria
- 1 especialista de educación física
- 1 especialista en filoloxía inglesa
- 1 especialista en filoloxía francesa
- 4 especialistas e educación infantil
- 1 especialista en educación musical
- 1 esp. en relixión católica compartida co CEIP de San Clodio
- 1 especialista en pedagogía terapéutica
- 1 esp. de audición e linguaxe compartida con CEIP de San Clodio
- 1 orientadora compartida co CEIP de San Clodio

O edificio principal está formado por dúas plantas. Na planta baixa están emprazados o despacho de dirección, secretaría e xefatura de estudos, a sala de mestres, 4 aulas de Ed. infantil, local para a ANPA, o comedor e a cociña. Na planta superior hai 6 aulas de primaria, a biblioteca, aula de informática, aula de audiovisuais, aula de lingua estranxeira, aula de música, aula de relixión e 2 aulas de apoio: para a especialista en pedagogía terapéutica e o especialista en audición e linguaxe que comparte a súa aula coa orientadora).

### **c. Departamento de orientación:**

O CEIP de Quiroga comparte xefa do departamento de orientación co CEIP de San Clodio, en Ribas de Sil, dende o curso 2018/2019. Anteriormente ambos centros estaban adscritos ao departamento de orientación do IES de Quiroga, non contando pois con departamento de orientación propio. Dende ese curso escolar, o centro educativo conta con departamento de orientación, formado polos titores/as, unha

mestra de PT a tempo completo, unha mestra de AL, e unha orientadora, compartidas estas últimas co CEIP de San Clodio.

### Reunións:

As reunións de coordinación para levar a cabo as diferentes actuacións no centro celébranse un día na que as tres profesionais coincidan no centro base. Estableceranse reunións entre a orientadora e os/as especialistas de PT e/ou AL a principios de curso, fixando unha sesión para iso.

Unha vez ao mes reúnen-se todos os integrantes do Departamento de Orientación.

Levaranse a cabo tamén reunións cos mestres/as que atenden alumnado con neae sempre que se considere oportuno, así como co resto do profesorado sempre que xurda a necesidade.

### **3. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DE NECESIDADES.**

A detección e valoración das necesidades realízase mediante as seguintes actuacións: avaliación inicial, sesións de avaliación e avaliación psicopedagóxica. A partir das distintas avaliacións realizadas durante o curso obteranse unha serie de datos e, en función deles, axustarase a resposta educativa.

A principios de curso, segundo a orde do 20 de abril de 2016 pola que se regula a avaliación na educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, o profesorado titor realizará a avaliación inicial e establecerá o nivel de competencia curricular do alumno/a en colaboración co resto do profesorado implicado no grupo. Mediante a mesma avaliación inicial detectará as posibles necesidades específicas de apoio educativo. Se existen estas o comunicará ao orientador/a.

**O profesorado titor realizará unha demanda de intervención**, recollida a demanda, a partir da información rexistrada polos profesionais mencionados, **a persoa responsable do departamento de orientación revisará as medidas que se estean levando a cabo e asesorará no deseño das posibles medidas de reforzo** encamiñadas a solucionar as dificultades no proceso de ensino-aprendizaxe.

**Nun principio** tentarase dar resposta ás necesidades do alumnado dentro das **medidas ordinarias**. Asemade planeárase unha hipótese sobre cal pode ser o problema, e realizarase unha avaliación que terá como fin coñecer as necesidades globais no proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumno/a e a toma de decisións para planificar a resposta educativa nas áreas que se considere que deben ser melloradas.

**Previamente á avaliación psicopedagóxica, o/a orientador/a comunicarllo ao xefe/a de estudos e o titor/a contactará coa familia**, que dará o permiso pertinente para realizar esta. A avaliación psicopedagóxica estará encamiñada a articular as medidas pedagóxicas oportunas. Resultado da mesma será o **informe psicopedagóxico**, no que, entre outras, se recollerán as **medidas de atención** para dito alumno/a, así como se establecerán as **necesidades específicas de apoio educativo** e os **recursos e medidas** de carácter extraordinario, indicando si son temporais ou permanentes. Estas decisións poden ser relativas á proposta curricular, á modificacións no contexto educativo, á provisión de axudas persoais, materiais e modalidade de apoio e, por último, á colaboración coa familia. Periodicamente levarase a cabo un **registro dos avances e a revisión das medidas adoptadas** para introducir os axustes necesarios.

#### **4. DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS**

- Crear as condicións actitudinais, organizativas e metodolóxicas que permitan dar aos alumnos e as alumnas unha resposta educativa axeitada á súa individualidade que lles evite o fracaso escolar e os problemas de integración e inadaptación escolar e social.
- Clarificar as responsabilidades de cada un dos profesionais do equipo educativo nun contexto de franca cooperación.
- Establecer criterios psicopedagóxicos que orienten na adopción de decisións respecto do alumnado con dificultades de aprendizaxe.
- Fixar vieiros de corresponsabilidade e implicación entre todo o equipo docente na tarefa de facer accesible o currículo común aos diferentes alumnos e alumnas.
- Diseñar propostas educativas diversificadas, nun continuo de menor a maior grao de significatividade, de organización, procedementos, metodoloxía e

Promover a colaboración e coordinación con profesionais e institucións externas ao centro.

- avaliación adaptadas ás necesidades do alumno/a xurdidas das súas características persoais e da interacción co contorno.
- Organizar e coordinar os recursos persoais e materiais do centro cara á mellor eficacia das accións deseñadas.
- Favorecer a participación das nais e pais e implicalos no proceso educativo dos seus fillos e /ou fillas.

## **5. ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN A DIVERSIDADE.**

### **a. Determinación de alumnos/as obxecto de atención específica.**

#### **A. Detección:**

- O mestre/a e/ou o titor/a, no desenvolvemento das diversas accións que implica a avaliación continua.
- Recompila información: observación informes, avaliación inicial, traballos, tarefas escolares, etc.
- Detecta necesidades educativas (retrazo, alteracións, dificultades, problemas...) nalgún/s ámbitos de desenvolvemento nun alumno ou alumna determinado.
- Intercambia información coa familia.
- Tenta dar resposta ás necesidades plantexadas con medidas ordinarias de forma normalizada.
- Se o consegue, pecha o ciclo de detección.
- Se non o consegue, demanda colaboración ao departamento de orientación quen valora o caso e determina as medidas educativas a adoptar. Os pais estarán informados das medidas dispostas.
- Se as necesidades plantexadas precisan A.C. significativas, elaborárase un DIAC (Documento Individual de Adaptación Curricular) onde se recollan as modificacións e o tipo de atención.



**B. Tipo de alumnado identificado no proceso de detección:**

- Alumnado sen n.e.a.e. pero que, por diversas razóns manifestan:

- Ter desfase con respecto ao seu grupo, de forma temporal, nas técnicas instrumentais.
- Ter problemas no ritmo de aprendizaxe.

- Alumnado con n.e.a.e:

Serán aqueles que, ademais das axudas habituais, necesitan recibir outro tipo de axudas pedagóxicas e/ou servizos menos usuais. As necesidades xorden como consecuencia da distinta adaptación, ou falla de adaptación, dos alumnos/as ao ritmo e tipos de aprendizaxes do grupo ao que se adscriben. Consideramos dous tipos:

- **TEMPORAIS:** Serán as que, entendemos, nun proceso continuo de observación, esixen a adaptación dunha parte do currículo ás características que presenta un alumno nun momento do seu desenvolvemento. Podemos asimilalas ás “dificultades de aprendizaxe” e teñen carácter transitorio. Consideramos as seguintes, entre outras:

- Integración do esquema corporal
- Condutas motrices de base
- Na percepción visual
- Na percepción auditiva
- Na fono-articulación
- Nas formas e cores
- Nos conceptos básicos
- Nas operacións lóxicas
- No desenvolvemento persoal

## *Plan de Atención a Diversidade*

- No desenvolvemento social
- Necesidades no desenvolvemento na aprendizaxe das técnicas básicas
- Na aprendizaxe da lectoescritura
- Nas aprendizaxes matemáticas
- Necesidades na aprendizaxe das técnicas de traballo intelectual
- Nos hábitos de estudo
- Nas técnicas de estudo
- Noutras técnicas de traballo intelectual

### ○ **PERMANENTES:**

Serán as que esixan unha adaptación xeneralizada do currículo escolar ás características dun alumno e que suporán que se manteña a atención durante todo ou a gran parte do seu desenvolvemento escolar. Fan referencia as necesidades de suxeitos con significativas alteracións no seu desenvolvemento. Distinguimos:

- Necesidades de carácter intelectual
- Necesidades de carácter sensorial
- Necesidades de carácter motórico
- Necesidades de carácter afectivo-emocional
- Necesidades de carácter sociocultural

### **b. Medidas de atención a diversidade.**

No marco establecido polo artigo 7 do decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención a diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, as medidas de atención a diversidade clasifícanse en medidas ordinarias e medidas extraordinarias.

• **Medidas ordinarias de atención a diversidade.**

Son aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescriptivo, se alteracións significativas comúns a todo o alumnado e afectan a decisións sobre os elementos do currículo, ao plan de acción tutorial e de orientación. Consideramos as seguintes:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- Medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.
- Desdobramentos de grupos.
- Reforzo educativo e apoio por parte do profesorado con dispoñibilidade horaria: O reforzo educativo será unha medida específica que afecta a elementos non prescriptivos do currículo, é dicir, a secuenciación dos contidos, ás formas e instrumentos de avaliación, á organización da aula, aos agrupamentos dos alumnos e todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía. Aplícase unha secuencia en cascada, é dicir, de menor a maior significatividade: como avaliar, como ensinar...

Dirixímolos a aqueles alumnos/as con necesidades tales que coa modificación dos elementos non prescriptivos poden seguir o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe. Serán medidas como prestar máis atención ao alumnado, reorganizar a aula, proporcionar máis tempo, estruturar de maneira diferenciada os materiais curriculares, aplicar métodos específicos (enseñanza cooperativa, proxectos, tutorías entre iguais ...), facer unha avaliación integradora, utilizar reforzamentos positivos axeitados, concretar e proporcionar a cada alumno/a as axudas necesarias, tanto antes como durante ou despois da actividade ...

Pero haberá casos nos que este tipo de modificacións non sexan suficientes e necesitemos introducir unha diferenciación das actividades,

programando actividades de reforzo, complementarias, de síntese, de consolidación, ou variar a organización destas (de forma lineal, cíclica ...).

Estas medidas serán elaboradas polo titor/a ou polo profesor/a da área. Terán coñecemento o equipo directivo e a familia do alumno (na calificación aparecerá In-RE ).

O RE levarémolo a cabo no contexto escolar ordinario e polo profesor/a correspondente que contará coa colaboración de orientación. Son medidas levadas a cabo con eses alumnos/as que necesitan explicacións complementarias ou realizan actividades básicas de reforzo, na medida do posible sempre dentro da aula.

Algunhas **medidas concretas** que poden ser tomadas son:

- Dedicar un mínimo dunha hora semanal dunha materia a realizar actividades de repaso e enriquecemento.
- Empregar os estudos asistidos para proporcionarlle aos alumnos que o necesiten material concreto de reforzo controlado polo mesmo profesor ou polo de apoio.
- Das medidas adoptadas como reforzo educativo ou apoio quedará constancia na ficha informe cuberta polo mestre/titor e /ou o de apoio. (Anexos)
- Programas de enriquecemento curricular.
- Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.
- Programas de recuperación do alumnado repetidor: a decisión de permanencia dun ano máis nun curso, sempre resultado dunha deliberación colexiada do equipo de avaliación, irá acompañada dun plan específico de reforzo e recuperación organizado polo centro arredor das competencias básicas e a aquelas áreas que faciliten a superación das dificultades de aprendizaxe co obxectivo de afrontar con boas expectativas a solución dos problemas de modo que os alumnos/as afectados/as, na medida do posible, non realicen o curso coa mesma estrutura curricular e organizativa.

## *Plan de Atención a Diversidade*

- Estes plans de traballo incorpóranse ás correspondentes programacións didácticas nas cales se farán constar os contidos esixibles, as actividades de avaliación e a metodoloxía.
- A familia do alumno será informada polo titor/a da decisión de permanencia do seu fillo/a no centro.
- Programas específicos personalizados.
- Programas de habilidades sociais.

### **• Medidas extraordinarias de atención a diversidade**

Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización.

Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.

#### **a. Adaptacións curriculares.**

Son as que supoñen modificacións dun ou de máis elementos prescriptivos do currículo, como son os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación, para atender as necesidades educativas dun alumno ou alumna motivadas tanto por unha determinada dificultade persoal como polas súas capacidades excepcionais.

- Decidirase a posta en marcha única e exclusivamente cando os recursos ordinarios e as medidas específicas amosáronse claramente insuficientes.

## *Plan de Atención a Diversidade*

- O referente de toda adaptación curricular son os obxectivos xerais de etapa concretados no proxecto curricular para cada ciclo.
- Precisarán a autorización da inspección educativa correspondente.

As **condicións de realización** serán as seguintes:

- Serán elementos do currículo susceptibles de modificación os contidos, que poderán ser modificados, complementados e mesmo suprimidos; e os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe, que poderán ser adaptados, complementados, modificados e mesmo suprimidos.
- Estarán dirixidas a alumnos e alumnas que por diversas razóns educativas, sociais, culturais, por padecer déficit de calquera índole ou por posuír calidades excepcionais, non poden seguir o proceso ordinario de ensino aprendizaxe sen medidas de modificación esencial do currículo de referencia.
- O seu deseño e desenvolvemento será responsabilidade do profesor ou profesora que imparte a área ou materia ao alumno/a, coa colaboración do equipo educativo, co asesoramento e coordinación do/a orientador/a, se é o caso, de calquera outro profesional que participe na atención do alumno
- Terán a duración que determinen os responsables da súa elaboración coa autorización da inspección educativa.
- O seu desenvolvemento realizarase integrado, na medida do posible, nas accións educativas ordinarias do grupo de alumnos/as de referencia
- Proceso de elaboración da AC.
- Realizar unha avaliación psicopedagóxica (Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización) na que se recollerán datos relevantes sobre a situación socio familiar do alumno ou alumna e sobre o seu proceso de aprendizaxe, aportados tanto polo equipo educativo responsable do alumno ou alumna, como polo orientador do centro, o equipo de orientación específico ou calquera outro profesional que estea participando na atención ao alumno/a.

## *Plan de Atención a Diversidade*

- Reunión coordinada polo xefe/a de estudos á que asistirán o titor/a, os profesores que imparten as áreas ou materias que se consideran obxecto de adaptación e o/a orientador/a que informa dos resultados da avaliación. Nesta reunión decidírase a pertinencia da adaptación curricular, así como aqueles elementos do currículo que, se é o caso, deberán ser modificados
- Elaborarase por parte do profesorado que imparta as materias suxeitas a adaptación do currículo de referencia nas áreas ou materias acordadas, segundo o establecido na normativa vixente ( Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral).
- Os datos obtidos na avaliación psicopedagóxica reflectiranse nun documento de adaptación curricular no que se que consignará, a información relativa a:
  - a) Datos persoais do alumno ou da alumna
  - b) Datos físicos e de saúde
  - c) Datos psicosociais máis relevantes
  - d) Datos do contorno sociofamiliar
  - e) Datos do contorno escolar
  - f) Datos pedagóxicos
  - g) Profesionais participantes
- Solicitude e autorización: o/a director/a do centro enviará a proposta de adaptación curricular ao correspondente servizo provincial de inspección, que emitirá un informe correspondente
- Rexistro: a avaliación psicopedagóxica, o documento de adaptación curricular e o informe do servizo da inspección educativa formarán parte do expediente do alumno ou da alumna e terán carácter confidencial.
- Avaliación: a avaliación do alumno/a que siga unha adaptación curricular farase en función dos criterios de avaliación individualizados establecidos nela.

## *Plan de Atención a Diversidade*

- A adaptación curricular reflectirase como ACS (adaptación curricular significativa) no expediente académico do alumno ou alumna e no informe aos pais ou responsables legais.
- Revisión: as adaptacións curriculares revisaranse periodicamente, polo menos unha vez ao remate de cada curso. As posibles modificacións só requirirán unha nova autorización no caso de que se produzan en referencia aos obxectivos e aos criterios de avaliación do ciclo ou curso sobre o que se elaborará a adaptación.
- Ao finalizar o curso para o que se realiza unha adaptación curricular, o titor ou titora, xunto co profesorado que impartira as áreas ou materias obxecto de adaptación, oídos os pais ou responsables legais do alumno/a, e asesorados polo orientador/a, determinarán a pertinencia da promoción de curso, a necesidade dalgunha adaptación curricular no curso seguinte e, de ser o caso, as liñas xerais da mesma.

### ***b. Agrupamentos flexibles.***

Apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica e/ou en audición e linguaxe e senón por un docente con dispoñibilidade horaria.

### ***c. Flexibilización da duración do período de escolarización.***

- *Un ano máis no mesmo curso:* Cando un alumno ou alumna permaneza un ano máis nun curso, deberá seguir medidas de reforzo ou adaptacións do conxunto do currículo do nivel no que permaneza, de xeito que en ningún caso se reproduzan as condicións educativas que presumiblemente provocaron os desaxustes detectados e se reforcen ou recuperen as aprendizaxes nos que o alumno/a tivo dificultades. De acordo coa última sesión de avaliación do curso ou etapa, o profesor/a titor/a emitirá un informe de cada alumno/a sobre o grao de desenvolvemento alcanzado, en relación cos obxectivos da etapa, no que fará constar a decisión sobre a súa promoción. Cando o progreso do alumno/a non responde aos obxectivos programados, os profesores deberán adoptar as medidas de reforzo educativo que consideren oportunas. Cando o alumno non consiga os



obxectivos establecidos para o curso, o titor deberá especificar as medidas educativas complementarias (reforzos, adaptacións...) e contará co informe dos profesores correspondentes de cada área. Este informe referirase ao grao de dominio dos obxectivos, funcionamento das medidas de reforzo e, se é o caso do apoio aos alumnos. A decisión final sobre a permanencia ou non no mesmo curso debe ir acompañada das medidas educativas no seu caso, dirixidas a contribuír a que o alumno alcance os obxectivos programados. A decisión de promoción será adoptada de forma colexiada polo equipo de avaliación.

- **Un ano menos na etapa:**

Aplicarase aos alumnos/as acreditados como superdotados intelctualmente mediante a avaliación psicopedagóxica segundo os criterios establecidos na normativa vixente.

A decisión tomarase cando as medidas dentro do proceso ordinario de escolarización se consideren insuficientes para atender adecuadamente ás necesidades específicas e ao desenvolvemento global do alumno/a. Terá o consentimento dos pais e consignarase nos documentos oficiais de avaliación.

Consistirá na incorporación do alumno/a a un curso superior ao que lle corresponda por idade. (• Orde do 28 de outubro de 1996 pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibiliza-la duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelctual.)

**d. Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.**

**e. Grupos de adquisición das linguas.** (Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro (DOG do 26/02/2004))

- f. **Grupos de adaptación da competencia curricular** (Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro (DOG do 26/02/2004))

## **6. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS**

### **a. Criterios, procedementos e proceso e actuación.**

- Todas as medidas que se ofertan articularanse nesta estratexia común con diferentes opcións: formular obxectivos e aprendizaxes que deben garantirse a todos os alumnos con tratamento axeitado ás súas necesidades.
- Estes obxectivos poderán alcanzarse de modo distinto procedendo a unha diversificación de procedementos e estratexias de instrución levadas a cabo nos diferentes momentos de deseño e posta en práctica da nosa acción educativa.
- As opcións ou vías básicas primeiras e máis importantes para a atención á diversidade adoptaranse no marco de cada aula concreta e profesor concreto a traveso das medidas ordinarias.
- Cando o titor/a considere que esas medidas están esgotadas cumprimentará o protocolo de derivación elaborado ao efecto para intervir, directa ou indirectamente, o departamento de orientación.
- Establecida a demanda realízase a avaliación ordinaria nun proceso cíclico de avaliación /establecemento de necesidades/ intervención, coa seguinte secuencia:
  1. Obter información dos profesores/pais/outros relativas ao funcionamento do alumno/a nas áreas de interese no ambiente natural.
  2. Programar a avaliación directa do alumno/a
  3. Administrar probas normativas, evolutivas, pedagóxicas e con rigor e criterio científico.
  4. Recoller datos de observación.

## *Plan de Atención a Diversidade*

5. Elaborar un informe ou síntese sobre os datos recollidos que inclúan implicacións diagnósticas ou prognósticas sobre as necesidades específicas atopadas e proporcione orientacións determinadas para a elaboración dun programa educativo individual.
6. Levar a cabo a ensinanza.
7. Facilitar ao máximo a xeneralización á contextos amplos e naturais.
8. Levar rexistros de execución.
9. Avaliar o progreso.
10. Levar a cabo as modificacións necesarias no programa.
11. Informar sobre o progreso do alumno aos pais cunha regularidade establecida.
12. No caso de que as medidas anteriores non fosen suficientes realizarase a oportuna avaliación psicopedagóxica seguida da toma de decisións consecuente.

### **b. Organización das medidas.**

- O/A mestre/a especialista de área e/ou titor/a atende individualmente ao alumnado sen intervención directa doutro/a profesor ou especialista.
- Outro profesor/a ou especialista intervén no grupo aula atendendo a un/s alumno/s concreto/s.
- Atención fóra da aula en pequenos grupos ou individualmente.
- Ao inicio de curso, en reunión coordinada pola xefatura de estudos e asesorada polo orientador/a e o/a mestre/a de PT, fixaranse os alumnos/as, modalidade de apoio, agrupamentos e horarios atendendo ás necesidades identificadas e aos recursos humanos, sen prexuízo do carácter aberto, dinámico e flexible que teñen todas as medidas.
- Estas actividades organízanse dentro do horario xeral do centro, flexibilizando o horario e o agrupamento dos alumnos/as.

- As sesións de reforzo e/ou apoio realizaranse preferentemente cando os compañeiros/as de clase estean traballando as áreas instrumentais, evitando no posible que coincidan con materias de contidos que non son obxecto de reforzo.
- A finalidade será reforzar, prioritariamente, as técnicas instrumentais básicas mediante un tempo de maior cantidade e calidade de axuda pedagóxica cun seguimento máis individualizado e especializado centrado nas necesidades identificadas.
- Dedicarase a esta tarefa o profesorado que dispoña de horas para completar o seu horario lectivo e así o determine a xefatura de estudos.
- Levaranse a cabo nos espazos do centro que por horario sexan indicados.
- Os titores fixarán nas programacións correspondentes os criterios de avaliación e contidos básicos das materias, que determinarán as actividades eixo a traballar, indicando tamén as directrices metodolóxicas a seguir.
- Os materiais base a empregar terá como referente os criterios de avaliación fixados en cada caso, servindo de guía, na medida do posible, o libro de texto da materia (programación de aula), complementándoo ou substituíndoo, cando se considere máis efectivo, por outros materiais adaptados ou de elaboración propia do equipo docente. (As programacións realizadas e os materiais adaptados-elaborados formarán fontes de recursos a empregar nos próximos cursos.)
- Os pais dos alumnos serán informados das medidas que se van a adoptar e dos obxectivos que se pretenden conseguir. Pediráselles implicación responsable.
- O/A alumno/a deixará de recibir reforzo/apoio cando así o acorden todos os implicados na medida desenvolvida.

### **7. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO.**

O obxectivo de todos os profesionais que forman parte do equipo educativo debe ser común: Ofrecer a cada alumno a resposta que precisan ás necesidades que presenta, axudar na súa integración social e facilitarlle a que leve unha vida o máis autónoma posible.

Conseguilo require dunha grande actitude colaborativa que parte do coñecemento da responsabilidade de cada un podendo así concretar as parcelas profesionais para unha actuación multidisciplinar.

En relación directa coa diversidade do alumno presente nas nosas aulas as funcións de cada profesional son:

### **a. Mestre de aula ordinaria.**

O mestre de aula, titor e/ou especialista de área, é o que ten o alumno/a na súa aula e, polo tanto, o responsable de axudarlle a que acade os obxectivos establecidos con carácter xeral e responsable tamén de potenciar as capacidades do alumno. O titor/a será o encargado de coordinar todo o proceso, pero o mestre, especialista ou non, é o responsable da elaboración e posta en práctica das medidas necesarias na súa aula e área concreta.

Entre as **funcións** destacamos:

- Colaborar na elaboración dos diferentes documentos do proxecto educativo, aportando ideas, criterios e respostas á atención á diversidade.
- Elaborar a súa Programación de Actividades e Tarefas tendo en conta as características xerais e individuais dos seus alumnos e alumnas seguindo as directrices deste plan.
- Participar con todo o equipo de profesores na resposta á diversidade.
- Partindo da avaliación inicial, e da psicopedagóxica se é o caso, da resposta concreta ás necesidades identificadas seguindo o proceso de menor a maior significatividade.

### **b) Profesorado de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe.**

Para coordinar as súas funcións, os mestres especialistas reúnen unha vez á semana coa orientadora.

- Funcións do profesorado de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe:
  - Atención directa docente ao alumnado con neae.

## *Plan de Atención a Diversidade*

- Colaboración nas cuestións relacionadas coa educación do alumnado suxeito a medidas de atención á diversidade.
- Colaboración na avaliación inicial do alumnado e nas sesións de avaliación que afecten ao alumnado con neae.
- Colaboración co departamento de orientación na elaboración do plan de actuación respecto ó alumnado con neae.
- Colaboración co profesor titor e resto do profesorado na elaboración das adaptacións curriculares e no seguimento e avaliación das mesmas, así como nos reforzos educativos e outras medidas de atención á diversidade.
- Colaboración no asesoramento ao profesorado que imparte docencia directa ao alumnado con neae, así como os pais destes alumnos/as.
- Elaboración de materiais específicos e recursos destinados ao alumnado con necesidades educativas especiais.
- Aqueloutras funcións que se lle puidesen asignar neste ámbito.

- Ademais o profesorado de *audición e linguaxe*:

- Prestará colaboración na elaboración e desenvolvemento, na medida do posible, de programas relacionados con problemas de comunicación, especialmente en programas de prevención e estimulación da linguaxe en educación infantil e nos primeiros cursos de educación primaria.
- Prestará colaboración no asesoramento ao profesorado na programación de actividades para a prevención e tratamento das dificultades na área de linguaxe.

### **c) O/A orientador/a.**

É o último responsable da avaliación psicopedagóxica e da toma de decisións que se leve a cabo. Unha vez que se poña en marcha a medida de atención á diversidade decidida, o seu papel será, especialmente, o de coordinar todo o proceso e a todos os implicados. De maneira máis específica podemos sinalar:

- Coordinar a planificación e desenvolvemento das actividades de orientación académica e profesional a través do PAT e do POAP.

## *Plan de Atención a Diversidade*

- Asesorar á Comisión de Coordinación Pedagóxica proporcionando criterios psicopedagóxicos e de atención á diversidade nos elementos que constitúen os proxectos curriculares.
- Colaborar na prevención e detección de problemas de aprendizaxe.
- Coordinar a avaliación psicopedagóxica cos profesores do alumnado que precisen a adopción de medidas educativas específicas ou extraordinarias, realizando o informe psicopedagóxico.
- Participar na planificación e desenvolvemento das medidas específicas e extraordinarias dirixidas aos alumnos e alumnas que o precisen.
- Colaborar cos titores/as na toma de decisións de promoción final de ciclo e/ou etapa.
- Manter vieiros de colaboración con equipos, organismos, entidades e profesionais que actúen sobre o alumnado do Centro, para levar a cabo unha coordinación e seguimento o máis eficaz posible na consecución dos obxectivos propostos.

### **d) Equipo directivo.**

Con independencia das súas funcións xerais determinadas no Regulamento Orgánico dos Centros e precisadas no NOF (Normas de organización e funcionamento), contemplamos:

- Promover e organizar os tempos necesarios para a aplicación deste plan.
- Coordinación con todo o equipo de profesores a través da xefatura de estudos.
- Facilitar e habilitar os recursos humanos e materias dispoñibles para a atención individualizada do alumnado con necesidades específicas.
- Solicitar os recursos de orientación e intervención psicopedagóxica externos cando sexa necesario.

### **e) Equipo de Orientación Específicos (EOE).**

- Asesorar e apoiar ao departamento de orientación.

- Colaborar co departamento de orientación na avaliación psicopedagóxica cando sexa preciso.
- Contribuír á formación especializada do departamento de orientación e do profesorado no ámbito das necesidades específicas que atenden.

## **8. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS.**

A coordinación e colaboración entre os diversos membros do centro no tocante ao desenvolvemento deste Plan de Atención a Diversidade, farase a través das reunións periódicas da Comisión de Coordinación Pedagóxica e demais órganos de coordinación docente.

Así mesmo, estableceranse vías de comunicación co IES de Quiroga, ao que este centro está adscrito, programando polo menos unha reunión por trimestre para coordinar as actividades a realizar e para facilitar o tránsito da educación primaria á secundaria.

## **CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAÍS OU TITORES LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.**

### **a. Colaboración coas familias.**

Unha educación inclusiva, que atenda a diversidade esixe a participación e colaboración das familias no proceso educativo dos nenos e nenas, por tanto, o establecemento de canles de comunicación fluídos entre a familia e a escola convertese nun elemento imprescindible para a unha atención a diversidade de calidade.

Estas canles de comunicación establécense a partires da acción tutorial. Mediante estas reunións entre as familias e os titores é onde vaise detectar de xeito precoz calquera problema que poida afectar aos nenos e nenas e tamén é onde se establecerán as primeiras medidas para corrixir as situacións que xurdan. Agora ben, cando o titor/a considere conveniente que o alumno/a precisa unha avaliación pedagóxica, contará coa autorización escrita da familia. Se desta avaliación resultara aconsellable establecemento do medidas extraordinarias da atención a diversidade, tamén será prescritivo, previa a



información pertinente, contar coa autorización das familias. Nestes casos a canle de comunicación establecerase xa directamente, entre o Departamento de orientación do centro e as familias. Cabe destacar que , en función da necesidade estableceranse outras canles como poden ser as axendas ou libretas bidireccionais entre a familia e a escola.

**b. Colaboración con outras entidades.**

En caso necesario, desde o CEIP de Quiroga manteranse relacións co concello, o centro de saúde, traballadores sociais, asociacións culturais, e todas as entidades que atendan a algún/a dos nosos alumnos/as, de tal forma que todos traballemos na mesma dirección. Deste modo, e en función das situacións e necesidades que se presenten as canles de comunicación serán reunións periódicas, comunicacións telefónicas, ou vía correo electrónico, ou utilizando recursos como as libretas bidireccionais, pero sempre en función nas necesidades e as circunstancias. Estas relacións dependerán da situación real que se presente, e programaranse cando vaian realizarse.

**9. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.**

Tal e como establece o decreto 229/2011, do 7 de decembro, considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización.

Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do servizo de inspección educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe

xustificativo do correspondente servizo de orientación, por tanto faise necesario o establecemento do protocolo para solicitar ou autorizar estas medidas.

**a. Protocolo para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias.**

- Derivación do caso ao departamento de orientación, cumprimentando o modelo de informe de derivación, e axuntando se é preciso o informe titorial sobre as medidas de reforzo educativo (ver modelos adxuntos).
- Solicitude por parte do departamento de orientación da autorización as familia para proceder a facer unha avaliación psicopedagóxica. (ver modelos adxuntos).
- Realización da avaliación psicopedagóxica, e elaboración do conseguinte informe, onde se determinen las medidas extraordinarias a aplicar e se xustifique a necesidade da aplicación das mesmas.
- Solicitude por parte do departamento de orientación da autorización as familia para a aplicación das medidas extraordinarias. (ver modelos adxuntos).
- Solicitude a de autorización a dirección do centro.
- A dirección do centro, solicitara a autorización da aplicación destas medidas, sempre que sexa pertinente, as instancias competentes, axuntando o informe psicopedagóxico que xustifique a aplicación das medidas extraordinarias.

**10. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN, E MELLORA DO PLAN.**

O Plan de Atención á Diversidade debe axustarse á realidade cambiante do centro. Ao finalizar o curso escolar, a orientadora na súa memoria anual informará sobre as súas actuacións e, o que é máis importante, das previsións para o curso seguinte e realizará tamén unha avaliación do Plan Xeral de Atención a Diversidade e propostas de mellora.

Ao inicio do curso escolar, elaborárase a programación, propoñendo, no seu caso, as modificacións ao Plan de Atención á Diversidade. As modificacións ao plan non deberían afectar aos aspectos esenciais do mesmo, senón introducir as medidas correctoras oportunas.

## *Plan de Atención a Diversidade*

Corresponde á comisión de coordinación pedagóxica o seguimento do Plan de Atención á Diversidade, sen embargo neste tema previsiblemente teranse moi en conta as aportacións dos profesionais de orientación.

A **avaliación** efectuarase a dous niveis:

- Avaliación dos resultados obtidos polo alumnado afectado polo plan.
- Avaliación do plan propiamente dito.

O obxectivo desta avaliación será o de analizar cunha periodicidade anual, preferentemente ao final de cada curso, a adecuación de este á realidade do Centro, e deseñar as modificacións pertinentes en canto a alumnado e recursos humanos e materiais previstos para o curso seguinte.

O proceso a seguir será o seguinte:

- Análise e avaliación nas reunións cos titores.
- Posta en común na comisión de coordinación pedagóxica.
- Elevación de conclusións e posibles modificacións no claustro de profesorado para o seu coñecemento.
- Inclusión das valoracións na Memoria de Final de Curso, que, á súa vez, servirá de base para a Programación Xeral Anual do curso seguinte.

Se as condicións do Centro se viran alteradas por calquera motivo durante o período escolar, procederíase a realizar as modificacións oportunas.

A revisión do Plan de Atención á Diversidade realizarase a principio de curso, atendendo ás conclusións obtidas na avaliación e ás circunstancias existentes en dito momento.

Este Plan de Atención a Diversidade foi presentado ante o claustro para a súa aprobación e o consello escolar do centro o día 28 de xuño de 2019

Vtº e Pr.

A xefa do Departamento de Orientación

A directora

Ana Mª Núñez garcía

Laura VázquezLópez